

Acordo CEL - PEIXE SOFTWARE

03/05/2019

Obxecto do acordo:

O R.D Lei 8/2019 de 8 de marzo modificou a redacción do Apartado 9 do Artigo 34 do Estatuto dos Traballadores, dispoñendo esta norma que **a partir da data de entrada en vigor da norma, 12 de maio de 2019 todas as empresas con traballadores por conta allea ao seu cargo, contratados a tempo parcial ou a xornada completa deberán dispor dun sistema de rexistro da xornada diaria** de traballo de cada traballador que deberá reflectir o horario de comezo e finalización da mesma.

O sistema de rexistro poderá articularse para o seu levanza de forma manual en papel ou por medios dixitais, debendo en todo caso e durante catro anos estar a disposición dos traballadores, dos seus representantes legais e da Inspección de Traballo.

O incumprimento da obrigaón de rexistro diario de xornada poderá ser constitutivo de infracción grave en materia de relacións laborais prevista no Artigo 7.5 da LISOS, podendo levar aparellada a imposición de sanción multa en importe comprendido entre 626 euros a 6.250 euros.

Para facilitar o cumprimento desta obrigaón, a Confederación de Empresarios de Lugo asinou un Convenio coa empresa PEIXE SOFTWARE, en **condicións moi vantaxosas** para os nosos asociados.

Servizos:

TAMTAM é un **servizo de control de presenza**, que permite coñecer de forma moi sinxela se unha persoa está no seu lugar de traballo e se é puntual, ademais de cumprir con todas as obrigaóns legais impostas por esta nova norma. Só require un teléfono convencional e acceso a Internet para consultar os datos de cumprimento. Non é necesario descargar software, nin contratar licenzas, pagándose exclusivamente por uso.

Tamén dispón doutros produtos (TAMTAM PROFESIONAL) con utilidades para a xestión de frotas, biometrías, estatísticas, control de absentismo etc.

Procedemento para acollerse:

Para acceder ao sistema TAMTAM de acordo coas condicións do convenio suscrito por CEL e PEIXE SOFTWARE, é necesario **acreditar a condición de empresa asociada á CEL**. Para máis información sobre o convenio (tarifas, como darse de alta no servizo, etcétera), contactar cos Servizos Administrativos da CEL no 982 23 11 50.

<http://www.cel.es/gl/documentacion/5476/acordo-cel-peixe-software/>